

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

**9596** *Orde IT/697/2019, do 25 de xuño, pola que se modifica o anexo I.1 do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.*

A Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, na súa disposición derradeira primeira, habilita os «ministros de Industria, Turismo e Comercio, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa, de Economía e Facenda e do Interior, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións necesarias para a súa execución e desenvolvemento». En cumprimento da dita disposición derradeira primeira ditouse o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.

O número 1 da disposición derradeira cuarta do citado real decreto establece que o ministro de Economía e Competitividade (cuxas competencias nesta materia son exercidas actualmente pola ministra de Industria, Comercio e Turismo), logo de informe da Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso (XIMDDU), poderá actualizar o contido dos anexos I, II, III, IV e V do Regulamento de acordo cos cambios aprobados nos organismos internacionais, nos tratados internacionais, nos réximes internacionais de non proliferación e control das exportacións e na normativa da Unión Europea.

A adopción da Directiva (UE) 2019/514 da Comisión, do 14 de marzo de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á lista de produtos relacionados coa defensa, implica modificacións que afectan os produtos descritos no anexo I.1 do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso e, polo tanto, cómpre modificar este punto, que é o obxecto desta orde.

Esta norma axústase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao levar a cabo a transposición dunha directiva europea, e o máis adecuado é a modificación do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso. Ademais, contén a regulación imprescindible e non xera cargas.

Esta orde recibiu informe favorable da XIMDDU na súa reunión do 25 abril de 2019.

Así mesmo, realizouse o trámite de audiencia e información pública, tal e como está establecido no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo único. Modificación do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.*

O Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 1. A alínea d) queda como segue:

«d. Accesorios deseñados para as armas recollidas nos subartigos 1.a, 1.b ou 1.c, segundo se indica:

1. Cargadores desmontables;
2. Supresores ou moderadores do ruído;
3. Montaxes especiais de canón;
4. Apagaluzadas;
5. Visores ópticos con procesamento electrónico de imaxe;
6. Visores ópticos deseñados especialmente para uso militar.»

Dous. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.a. Inclúese un novo compoñente numerado como 42.

«42. EDNA (etilenodinitramina) (CAS 505-71-5);»

Tres. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.c.1. Inclúese unha nova nota (Nota 1) e renumérase como nota 2 a xa existente.

«8.c.1. Combustibles para «aeronaves» formulados especialmente con fins militares;

Nota 1: O subartigo 8.c.1 non se aplica aos combustibles de «aeronaves» seguintes: JP-4, JP-5, e JP-8.

Nota 2: Os combustibles de «aeronaves» especificados no subartigo 8.c.1 son os produtos terminados e non os seus constituíntes.»

Catro. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.c.10.b. Modifícase a nota aclaratoria como segue:

«Nota: O subartigo 8.c.10.b non se aplica aos combustibles fósiles refinados, aos biocombustibles nin aos combustibles de motores certificados para uso en aviación civil.»

Cinco. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.e. Modifícase o compoñente 16.

«16. Poli-NIMMO (poli(nitratometilmetiloxetano), poli-NMMO ou poli(3-nitratometil-3-metiloxetano)) (CAS 84051-81-0);»

Seis. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.e. Inclúese un novo compoñente numerado como 21.

«21. TMETN (trinitrato de trimetiloetano) (CAS 3032-55-1);»

Sete. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.f. Inclúese un novo compoñente, ao xa existente previamente, no número 5.

«5. Resorcilato beta de chumbo (CAS 20936-32-7) ou resorcilato beta de cobre (CAS 70983-44-7);»

Oito. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 9.b. Modifícase o número 1.

«1. Motores diésel deseñados especialmente para submarinos;»

Nove. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 15. Elimínase a nota 1 existente na versión anterior. De acordo co anterior, a categoría 15 queda como segue:

«15 Equipamentos de formación de imaxe ou de contramedida, segundo se indica, deseñados especialmente para uso militar, e compoñentes e accesorios deseñados especialmente para eles:

- a. Rexistradores e equipamentos de procesamento de imaxe;
- b. Cámaras, equipamento fotográfico e equipamento para o revelado de películas;
- c. Equipamento para a intensificación de imaxes;
- d. Equipamento de formación de imaxe de infravermellos ou térmica;
- e. Equipamento sensor de imaxe por radar;
- f. Equipamentos de contramedida e contra-contramedida para os equipamentos especificados nos subartigos 15.a a 15.e.

Nota: O subartigo 15.f inclúe equipamento deseñado para degradar o funcionamento ou a efectividade dos sistemas militares de imaxe ou para minimizar tales efectos degradantes.

Nota: O artigo 15 non se aplica aos «tubos intensificadores de imaxes da primeira xeración» nin aos equipamentos deseñados especialmente para incorporar «tubos intensificadores de imaxes da primeira xeración».

N.B. Para a clasificación dos visores que incorporen «tubos intensificadores de imaxes da primeira xeración», véxanse os artigos 1 e 2 e o subartigo 5.a.

N.B.: Véxanse tamén os subartigos 6A002.a.2 e 6A002.b da Lista de produtos de dobre uso da UE.»

Dez. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 17. Modifícase a epígrafe I.

«I. Contedores intermodais ISO ou carrozarías desmontables (é dicir, caixas móbiles), deseñados especialmente ou «modificados» para uso militar;»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Queda trasposta ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2019/514 da Comisión, do 14 de marzo de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á lista de produtos relacionados coa defensa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 5 de xullo de 2019, conforme o establecido no artigo 2.1 da Directiva (UE) 2019/514 da Comisión, do 14 de marzo de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á lista de produtos relacionados coa defensa.

Madrid, 25 de xuño de 2019.–A ministra de Industria, Comercio e Turismo, María Reyes Maroto Illera.